SERMOS GALIZA

O Novo Cinema Galego adéntrase na ficción

Daniel Salgado | 13 de Outubro de 2017

A sala de cinema Numax, en Compostela.

As lindes entre ficción e documental son tenues. O cinema contemporáneo esfórzase, hai tempo, en escapar dese binarismo. E o Novo Cinema Galego, a xeración de cineastas que colocou Galiza no mapa de festivais e críticos de todo o mundo, é consciente do movemento de marcos estéticos. Non obstante, entre os numerosos proxectos en marcha, filmes que se verán o ano que vén ou en 2019, abunda o cinema dramatizado, con actores. A ficción.

"Ate agora, o cinema galego sobresaíu na non ficción. Mais nestes intres hai varias propostas de ficción que darán que falar", considera **Alfonso Zarauza** (Santiago de Compostela, 1971). El mesmo, canda **Ángel Santos**, foi un dos primeiros autores en, como expón, "intentar unha nova ficción, menos acartonada". Con *Encallados* (2013) e *Os fenómenos* (2014), obras narrativas e, sobre todo a segunda, de fasquía industrial, Zarauza chegou ás pantallas comerciais. Na actualidade ultima a rodaxe de *Ons*.

Na primavera, trasladará o equipo á illa atlántica, logo de adiar os traballos por problemas co financiamento

estatal. Coescrita coa súa habitual colaboradora **Jaione Camborda Coll**, *Ons* relatará a chegada ao lugar dunha serie de personaxes que se mesturan cos poboadores. "É un filme de corte autoral, pero cunha atmosfera de misterio", di. Se *Os fenómenos* se detiña na devastación social producida pola crise, *Ons* distánciase do rexistro crítico. **Ricardo de Berreiro**, **María Vázquez** ou **Melania Cruz** son algúns dos intérpretes.

Oliver Laxe (París, 1982), talvez o cineasta galego de maior repercusión internacional, iniciou este verán o seu novo proxecto. Logo das aclamadas *Todos vós sodes capitáns* (2010) e *Mimosas* (2016), que obtiveron importante recoñecemento en Cannes, centra a súa ollada, sempre cun aquel poético e lateral aos usos dominantes, nos incendios forestais. Válese de actores non profesionais. Outra voz audíbel, a de **Lois Patiño** (Vigo, 1983), autor da premiada -e discutida nalgúns sectores- *Costa da Morte* (2013), colección de estampas documentais e encadres pictóricos, remata *Tempo vertical*. A fronteira entre o real e o ficcionado queda atrás.

"Máis ca unha trama narrativa, interésame a interacción entre as persoas, as conscuencias das súas accións. É un filme coral". **Xacio Baño** (Xove, 1983) explica *Trote*, a fita que está a piques de concluír e que define como "de animais que xogan a ser humanos". María Vázquez é, se cadra, a máis protagonista das personaxes, que corren a cargo de, entre outras, Tamara Canosa, **Celso Bugallo** ou Melania Curz. Rodouse o pasado verán en localizacións de Negreira, Ames e Amil (Moraña). "Agora estamos coas últimas decisións de montaxe, que normalmente son as máis difíciles. Falta o son e, a partir do ano que vén, comezaremos a probar festivais", expón.

A orixe de *Trote* atópase na rapa das bestas de Amil. Unha familia rural sacudida pola morte da nai é o corazón do filme. "Quería ver as maneiras en que batemos co outro, ou como o acariñamos", sintetiza o autor. Cinema de personaxes, cinema de cámara, é a primeira incursión de Baño na longametraxe. "Hai unha xeración de cineastas", opina en relación ao denominado Novo Cinema Galego, "que xa amosou o seu talento nos documentais. Agora accede a outro espazo, a máis recursos, porque hai produtores que xa confían neles".

Alén de decisións estéticas, esa é tamén a chave para **Alberte Pagán** (O Carballiño, 1965). "Percevo umha 'industrializaçom' do novo cinema galego", responde vía correo electrónico, "com proxectos apoiados por produtoras independentes, cumha equipa de rodage, umha preproduçom e umha posproduçom ao estilo industrial. É algo novo e mui necessário: un cinema 'de autor', narrativo, 'de festivais".

Segundo Pagán, antes eran os cineastas os que se achegaban á industria e renunciaban ás súas apostas artísticas, de as haber. Agora acontece ao revés: "É a indústria, a produçom independente, quem se achega a estes cineastas respeitando as suas propostas artísticas. Um cámbio mui positivo". Non será o seu caso. Responsábel da obra máis radical do cinema, novo e non, galego, facturada totalmente á marxe, e apenas adscribíbel a máis categoría que á laxa de "experimental", o do Carballiño continúa polas zonas menos transitadas da imaxe.

O festival Cineuropa de Santiago de Compostela, o vindeiro novembro, dedicará unha sesión ás súas investigacións. *Témenos* trata a peregrinación do propio Pagán a Grecia para se achegar á singular obra cinematográfica de **Gregory Markopoulos**. En *Noite de Rodos*, explora "a materialidade do cinema dixital". As outras seis pezas que estreará -*Nyangshwe*, *Pagán*, *Gongorin bombani hural*, *Al*, *La Tierra Santa* e *Berbera*- encádranse na serie *Superfícies*. "Projecto images sobre diferentes superfícies e logo as refilmo", explica, "ás vezes image e superfície vam parellhas, noutras busco a contradiçom e a incongruência".

Entre as produtoras independentes referidas por Alberte Pagán, das máis activas é **Beli Martínez**. Baixo o seu amparo gravará nos vindeiros meses **Eloy Enciso**, o creador de *Arraianos* (2012), as súas "escenas de posguerra". *Longa noite* parte da Guerra Civil. "Pero podería ser calquera outro sitio", sinala Martínez sobre un filme puntuado con textos literarios. A ficción permite a deshistorización do relato. "Limpámola ao punto de que non hai unha identificación clara". Algo semellante acontece co outro proxecto en que traballa Martínez: *Eles transportan a morte*.

Obra de **Helena Girón** (Santiago de Compostela, 1988) e o canario **Samuel Delgado**, *Eles transportan a morte* especula co que sucedería se "a *Santa María* naufragase e tres mariñeiros sobrevivisen nunha illa". Bruxería e mitoloxía serán dous dos ingredientes cos que tratarán os cineastas. Que rodarán en galego. "Levamos o filme ao foro de coprodución do Festival de Donostia e sorprendeunos moito a pouca receptividade respecto da lingua galega", lamenta Beli Martínez.

A estación violenta, de **Anxos Fazáns** a partir da única novela de **Manuel Jabois**, *Porto Desexado* de **Diana Toucedo**, *Os fillos da vide* de **Ana Domínguez** ou *Hamada* de **Eloy Domínguez Serén**, son outros filmes practicamente rematados que, a dicir de Beli Martínez, marcarán os vindeiros tempos do cinema galego. E que ratifican a súa viraxe cara á ficción "pura e dura". "O que importa é dar impulso á necesidade de contar e gravar", conclúe Xacio Baño, "andar, facer o camiño, e non agardar a que veñan os anxos axudarche".

Podes ver este artigo na próxima dirección /articulo/cultura/novo-cinema-adentrase-na-ficcion/20171011132742062200.html

© 2017 Sermos Galiza

openmemas | POWERED BY OPENHOST